

CPR PLURILINGÜE FED. TORRE DE LEMOS
Sto. Domingo s/n, Monforte de Lemos, Lugo
Tfno. 982 400 350, Fax 982 401 516
Email: cpr.fundacion.educativa.torre.lemos@edu.xunta.es



Estimados pais/nais/titores:

O colexio porá en funcionamento para ao vindeiro curso escolar **o servizo de venda de libros de texto en todos os niveis educativos (EI, EP e ESO)**. Para iso, os pais/nais que o desexen só teñen que cubrir o formulario de reserva que se xunta a este escrito e entregalo na Secretaría do colexio xunto coa cantidade de 30€ por alumno en concepto de reserva, antes do venres **26 de xuño**.

RESERVA DE LIBROS DE TEXTO

D./Dna. _____, pai/nai/titor do/os alumno/s

de _____ curso de EI/EP/ESO,


MANIFESTA o seu desexo de adquirir os libros de texto do/s seu/s fillo/s no colexio para o curso escolar 2015-2016.

E para que así conste, asino a presente en Monforte de Lemos, a ____ de ____ de 2015.

Asinado: _____

CONDICIÓN DE VENTA DOS LIBROS DE TEXTO

1. O prezo dos libros de texto adquiridos no colexio **será o prezo recomendado de venda ao público polas editoriais**.
2. Aqueles alumnos que adquiran os libros no colexio, poderán beneficiarse dunha **serie de vantaxes** para eles e as súas familias que se expoñen a continuación:
 - Cada lote completo irá acompañado da axenda escolar, que se incluírá gratuitamente nel como un agasallo do centro.
 - Cando sexan varios os irmáns que adquiran os seus libros no colexio, aplicarase un desconto do 5% no lote do segundo irmán, outro 5% no lote do terceiro e así sucesivamente ata completar o número final de irmáns. No caso de familias pertencentes á ANPA do colexio, o desconto do 5% tamén se aplicará ao primeiro fillo/a. Este desconto deberá solicitarse directamente á Asociación de Nais e Pais de Alumnos, que aboará directamente a cantidade correspondente ás familias.
3. Cando unha familia faga oficial a súa reserva de libros no colexio a través da firma do formulario que acompaña este escrito, adquire o compromiso de mercar os



CPR PLURILINGÜE FED. TORRE DE LEMOS
Sto. Domingo s/n, Monforte de Lemos, Lugo
Tfno. 982 400 350, Fax 982 401 516
Email: cpr.fundacion.educativa.torre.lemos@edu.xunta.es



libros reservados. Se por calquera motivo non os quixera despois, **perderá a cantidade entregada en concepto de depósito.**

4. Esa cantidade de reserva será descontada do prezo final dos libros no momento de aboalos.
5. As familias poderán recoller os libros no colexio a partir do día 25 de agosto.
6. O listado de libros de texto para o vindeiro curso escolar xunto coa tarifa de prezos de cada un, faranse públicos a comezos do mes de xuño, en todo caso antes do día 15.
7. Como todos os anos, aquelas persoas que desexen mercar os libros de texto en calquera outro establecemento da localidade, poderán facelo solicitando o listado que o colexio lle terá remitido a todos eles nas datas habituais (antes do día 15 de xuño).
8. O banco de libros do colexio seguirá a funcionar igualmente, por eso se pide que as persoas que desexen deixar os seus libros nel, así como as que queiran solicitalos deberán facelo entre os días 19 e 30 de xuño.

Para calquera dúbida que puidera xurdir, solicitar información na Secretaría do centro (982 400 350).

Monforte, maio de 2015